



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: SELECCIÓN DOS MEMBROS DA BRIGADA MUNICIPAL DE
PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.-**

O concello ven de asinar coa Consellería do Medio Rural e do Mar un Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

A cláusula 2ª e o Anexo I.1 do dito convenio obrigan ao concello a realizar a contratación dunha brigada durante 3 meses coa seguinte composición:

- Un xefe de brigada con carné de conducir clase B
- Un peón condutor co permiso de conducir clase B.
- Tres peóns.

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 3 de abril de 2014, previa negociación co Comité de Empresa do concello, aprobou as bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2014. En dito acordo inclúese a contratación de persoal laboral temporal para o desenvolvemento de postos de traballo non incluídos na RPT financiados integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública.

Por todo isto, esta Alcaldía, convoca proceso selectivo para a selección dos membros da brigada de **PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS** con arreglo ás ditas bases xerais e as específicas contidas e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

ACORDA

Primeiro.- Características do posto de traballo.-

Convocase proceso selectivo para a cobertura de cinco postos de traballo para a brigada de prevención de incendios forestais.

Coas persoas seleccionadas asinarase un contrato laboral temporal a tempo completo ata o día 15 de outubro de 2014.

A retribución que percibirán os/as traballadores/as contratados/as será a fixada no dito convenio de colaboración.

Segundo.- Requisitos dos/as aspirantes.-




**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos: 986 554 021
986 554 081
986 555 102
Fax: 986 554 060



Os/a traballadores/as que sexan contratados/as deberán posuír os seguintes requisitos:

a) Xefe de brigada.-

1) Deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes; Enxeñeiro Técnico Forestal; Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos; Técnico en Traballos forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación Profesional equivalente.

2) Ademáis deberá estar en posesión do permiso de conducir clase B.

b) Peón condutor:

1) Deberá estar en situación de desemprego.

2) Deberá posuír o permiso de conducir clase B.

c) Catro peóns:

1) Deberá estar en situación de desemprego.

Terceiro.- Procedemento de selección.-

O procedemento de selección desenvolverase do seguinte xeito:

1) Se inicia coa presente Resolución da Alcaldía, da que se lle entregará copia ao Comité de Empresa.

2) Paralelamente concello requirirá da entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), concello de Vilanova de Arousa, que tramite ante o dito SPEG unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.

3) En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá anunciar tal circunstancia a través da súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

4) Recibida no concello a proposta correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia se celebrará a entrevista curricular e regradada ás persoas incluídas no listado. A dita citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

Cuarto.- Entrevista persoal.-

A puntuación da entrevista será de 0 a 10 puntos. Nela os aspirantes deberán presentar á Comisión de Selección os seguintes documentos:

1) Xefe de Brigada:

--Fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión dunha das titulacións esixidas para desenvolver o posto de traballo.




**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos: 986 554 022
986 554 082
986 554 112
Fax: 986 554 069



- Fotocopia compulsada do permiso de conducir clase B.
- Informe de vida laboral expedido polo INSS.
- 2) **Peón condutor:**
 - Fotocopia compulsada do permiso de conducir clase B.
 - Informe de vida laboral expedido polo INSS.
 - Certificación de pertencer a una Agrupación de Voluntarios de Protección Civil na que se indique o tempo de pertenza á mesma.
- 3) **Peóns:**
 - Informe de vida laboral expedido polo INSS.
 - Certificación de pertencer a unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil na que se indique o tempo de pertenza á mesma.

Quinto.- Baremación.- Trala celebración da entrevista, a Comisión de Selección procederá a baremar aos aspirantes atendendo aos seguintes criterios obxectivos:

- 1) **Xefe de Brigada:**
 - Por cada mes en situación de desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 10 puntos.
- 2) **Peón condutor:**
 - Por cada mes en situación de desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.
 - Por cada mes de pertenza a unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.
 - Por cada mes de servizos prestados como membro dun Grupo Local de Pronto Auxilio dun concello: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.
- 3) **Peóns:**
 - Por cada mes en situación de desemprego desde o último contrato de traballo: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.
 - Por cada mes de pertenza a unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.
 - Por cada mes de servizos prestados como membro dun Grupo Local de Pronto Auxilio dun concello: 0,10 puntos por mes ate un total de 6 puntos.

Sexto.- Puntuación final.- A Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a puntuación final coa suma das puntuación da entrevista persoal e da baremación. Nos casos de empate este dirimirase en función do maior tempo en situación de



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfmos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

desemprego desde o último contrato de traballo e, de persistir o empate, se dirimirá ó chou.

Ao mesmo tempo elevará a alcaldía proposta de contratación daqueles aspirantes que obteñan maior puntuación supeditada á superación do curso de formación, do recoñecemento médico e dos test físicos.

Sexto .- Curso de formación, recoñecemento médico e probas físicas.- As persoas seleccionadas para cada posto ofertado, antes de asinar o correspondente contrato de traballo, deberán:

- a) Realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas de duración que deberá ser impartido por persoal competente na materia: un enxeñeiro de montes ou por un enxeñeiro técnico forestal. O custe do dito curso será asumido polo concello.
- b) Pasar un recoñecemento médico preventivo.
- c) Realizar unha proba de esforzo física obrigatoria nos termos previstos no convenio.

A este efectos o concello poderá contratar unha empresa acreditada que, ao remate do curso e das probas certificará a superación das mesmas por cada aspirante seleccionado. Recibido o dito certificado no concello, se asinarán os correspondentes contratos de traballo.

Sexto.- Comisión de selección.-

O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

Presidente: Javier Bouzada Romero, Secretario Xeral do concello de Vilanova de Arousa.

Secretaria: Susana Serantes Álvarez, funcionaria do concello.

Vocais: Alfonso Rodríguez López, funcionario encargado de obras e servizos do concello.

Alfonso Rodríguez Otero, traballador do área de obras e servizos do concello.

Joaquín García Barros, Inspector da Policía Local.

Calquera modificación da composición da comisión será anunciada na páxina web do concello.

Vilanova de Arousa a 23 de xullo de 2014.

~~ALCALDE~~

Gonzalo Durán Hermida



~~ANTE MIN. DOU FE
SECRETARIO XERAL~~

Javier Bouzada Romero

